



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 4/2009.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Ramón Carballo Páez

VOGAIS:

D. Miguel A. Cela González

D. David Díaz Losada

Dna. Marta Carballo Neira

D. Xosé M. Fernández Varela

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día vintetrés de xuño de dous mil dez, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 4/2009 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE SAN XURXO DE EIXÓN**, no concello de **A POBRA DE BROLLÓN**, iniciado por acordo do Xurado do 17 de decembro de 2009, sendo vogal instructor **D. MIGUEL A. CELA GONZÁLEZ**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (coa data do 29 de xaneiro de 2010), iniciouse o expediente número **4/2009 (a instancia de D. Rosendo Méndez Hiebra e outros)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 25 de febreiro de 2010, recabouse do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 25 de febreiro de 2010, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Quiroga**, os documentos seguintes:



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 15 de marzo de 2010, recibíuse certificación do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **DE SAN XURXO DE EIXÓN**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

QUINTO: Coa data do 15 de marzo de 2010, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Quiroga, na que se fai constar, en resposta á solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, que examinados os Libros do arquivo dese Rexistro, constan as inscricións 1ª e únicas dos predios rexistrais números 8.128, 8.133, 8.134 e 8.166, a primeira a nome de DONA BARBARA MARION STEPTOWE, as dúas seguintes a nome do GRUPO ESPAVENE GALICIA, SOCIEDAD LIMITADA, e a última a nome de DONA GENOVEVA CARMEN CARPENTE FRANCISCO e DON JOSÉ DÍAZ FERNÁNDEZ.

SEXTO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao concello de **A POBRA DO BROLLÓN** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Quiroga, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. ROSENDO MÉNDEZ HIEBRA** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle a iniciación do expediente a **GRUPO ESPAVENE GALICIA S.L.** como posible titular de predios afectados polo expediente, en virtude da certificación emitida polo Rexistro da Propiedade de Quiroga.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DNA. GENOVEVA CARMEN CARPENTE FRANCISCO e D. JOSÉ DÍAZ FERNÁNDEZ** como posibles titulares de predios afectados polo expediente, en virtude da certificación emitida polo Rexistro da Propiedade de Quiroga.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle, a través de edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do Consulado británico en Madrid, a iniciación do expediente a **DNA. BARBARA MARION STEPTOWE** como posible titular de predios afectados polo expediente, en virtude da certificación emitida polo Rexistro da Propiedade de Quiroga.



DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 25 de marzo de 2010, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 26 de abril de 2010, recibíuse, escrito do Consulado británico en Madrid, no que manifestan que a comunicación efectuada a DNA. BARBARA MARION STEPTOWE, debe realizarse a través do Consulado de España en Londres.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 28 de abril de 2010, comunicóuselle, a través de edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do Consulado de España en Londres, a iniciación do expediente a **DNA. BARBARA MARION STEPTOWE** como posible titular de predios afectados polo expediente, en virtude da certificación emitida polo Rexistro da Propiedade de Quiroga.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 3 de maio de 2010, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 82, páxinas 7.488 e 7.489, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE SAN XURXO DE EIXÓN**.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 10 de maio de 2010, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Quiroga, na que se fai constar a anotación preventiva realizada.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 11 de maio de 2010, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio de San Xurxo de Eixón, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE SAN XURXO DE EIXÓN**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO NOVENO: Coa data do 18 de maio de 2010, tivo entrada escrito de D. BASILIO MARTÍNEZ SERODIO, en nome e representación da entidade mercantil **GRUPO ESPAVENE GALICIA S.L.**, no que solicita a non inclusión das parcelas propiedade desta empresa no monte veciñal en man común e San Xurxo de Eixón, por tratarse de predios de titularidade particular, privada e individual. Xunta copia da escritura de compravenda dos mesmos.

VIXÉSIMO: Coa data do 4 de xuño de 2010, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **SAN XURXO DE EIXÓN**, concello de **A POBRA DO BROLLÓN**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DONA BELÉN MÉNDEZ HIEBRA**
- **DONA M^a LUISA AIRA ARMESTO**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, constatando que ningún dos predios aos que se refire o Rexistro da Propiedade de Quiroga na súa certificación recibida o 15 de



marzo de 2010, están afectados polo presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación da superficie proposta, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE SAN XURXO DE EIXÓN**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE SAN XURXO DE EIXÓN**
Pertenza: veciños da parroquia de SAN XURXO DE EIXÓN.
Parroquia: SAN XURXO DE EIXÓN.
Concello: **A POBRA DO BROLLÓN.**
Superficie: **5 hectáreas, 66 áreas e 42 centiáreas.**

Estremas:

Norte : Predios rústicos do polígono 12, parcelas 147 (Dona María Nila Casas Dacal), parcela 148 (Don Elías Vázquez Parada), parcela 151 (Don Antonio Prado González), parcela 352 (Don José Armesto Vila) e parcela 353 (Dona Ana Armesto Pardo)

Sur : Predios rústicos do polígono 11, parcela 346 (Don Manuel Parada Franco) e polígono 12, parcelas 687 (herdeiros de Avelino Rodríguez Fernández), parcela 692 (Dona Asunción González Quevedo) e camiño de servizo.

Leste : Predios particulares do polígono 12, parcela 353 (Dona Ana Armesto Pardo), parcela 356 (Don Luís Rodríguez Menéndez), parcela 357 (Dona Hilda Reboiro Veiga), parcela 358 (Don Manuel Reboiro Veiga), parcela 359 (Don Luscindo Parada Reboiro), parcela 360 (herdeiros de Maria González Reboiro), parcela 662 (Don Manuel Fernández Parada), parcela 663 (Manuel Hiebra Álvarez), parcela 664 (Dona Josefa Penelas Legazpi e outros) parcela 668 (Dona Alicia Docasar Macía), parcela 669 (herdeiros de M^a Hilda Rodríguez Quevedo) parcela 670 (herdeiros de don Rosendo Fernández Dacal) e outros veciños .

Oeste: Predios rústicos do polígono 11, parcela 344 (Don Fernando García Franco), parcela 345 (Don José González Quevedo), parcela 346 (Don Manuel Parada Franco e polígono 12 parcela 188 (Dona Alicia Docasar Macía), parcela 265 (Don José Pérez Gómez), parcela 269 (herdeiros de Rosendo Fernández Dacal), parcela 270 (herdeiros de Carmen Méndez Maceda), parcela 284 (herdeiros de Rosendo Fernández Dacal), parcela 290 (M^a Blanco Armesto Casas), parcela 294 (Dona M^a Isabel García Puente), parcela 299 (Dona Ramona Hiebra Álvarez) e outros veciños.





CARPETA DEL MONTE:

“DE SAN XURXO DE EIXON”

COMUNIDAD PROPIETARIA:

VECINOS DE SAN XURXO DE EIXON

A POBRA DO BROLLON

TÉRMINO MUNICIPAL:

A POBRA DO BROLLON

2010

4. LÍMITES E PERÍMETROS

Son os que a continuación se detallan:

Norte :Predios rusticos do poligono 12, parcelas 147 (Dona Maria Nila Casas Dacal), parcela 148 (Don Elias Vazquez Parada), parcela 151 (Don Antonio Prado Gonzalez) , parcela 352 (Don Jose Armesto Vila) e parcela 353 (Dona Ana Armesto Pardo)

Sur :Predios rusticos do poligono 11 , parcela 346 (Don Manuel Parada Franco) é poligono 12 ,parcelas 687 (Herederos de Avelino Rodriguez Fernandez) , parcela 692 (Dona Asunción Gonzalez Quevedo) e camiño de servicio .

Este :Predios particulares do poligono 12 , parcela 353 (Dona Ana Armesto Pardo) , parcela 356 (Don Luis Rodríguez Menendez) ,parcela 357 (Dona Hilda Reboiro Veiga) ,parcela 358 (Don Manuel Reboiro Veiga) ,parcela 359 (Don Luscindo Parada Reboiro) , parcela 360 (Herederos de Maria Gonzalez Reboiro) , parcela 662 (Don Manuel Fernandez Parada) , parcela 663 (Manuel Hiebra Alvarez) , parcela 664 (Dona Josefa Penelas Legazpi e outros) parcela 668 (Dona Alicia Docasar Macia) , parcela 669 (Herederos de M^a Hilda Rodriguez Quevedo) parcela 670 (Herederos de don Rosendo Fernandez Dacal) e outros veciños ..

Oeste:Predios rusticos do poligono 11 , parcela 344 (Don Fernando Garcia Franco) ,parcela 345 (Don Jose Gonzalez Quevedo) , parcela 346 (Don Manuel Parada Franco e poligono 12 parcela 188 (Dona Alicia Docasar Macia) , parcela 265 (Don Jose Perez Gomez) , parcela 269 (Herederos de Rosendo Fernandez Dacal) , parcela 270 (Herederos de Carmen Mendez Maceda) , parcela 284 (Herederos de Rosendo Fernandez Dacal) , parcela 290 (M^a Blanco Armesto Casas) , parcela 294 (Dona M^a Isabel Garcia Puente) , parcela 299 (Dona Ramona Hiebra Alvarez) e outros veciños .

5. ESTADO FORESTAL. APROVEITAMENTOS

Na parcela do monte atópanse unhas zonas a pastos, outras están desprovistas de vexetación arbórea, con xestas salpicadas con pes de diversas frondosas (carballos, salgueiros, etc.) e outras a praderia .

Os aproveitamentos tradicionais da zona foron ganderia de toda clase de gando, e a semente de especies propias da agricultura da zona.

Todos estes aproveitamentos que se observan fanse de xeito individualizado.

6. ESTADO SOCIOECONÓMICO

O paraxe de Masíña atópase dentro da parroquia de San Xurxo de Eixon , no termo municipal de Pobra do Brollon e baixo a influencia socioeconómica de este, dentro da comarca da Terra de Lemos , un dos núcleos mais importantes da provincia de Lugo. Economía diversa con forte compoñente agrícola e gandeiro, sector maioritario na base económica local. Existe tamén un importante mercado forestal e de servizos .

7. CONCLUSIÓNS

Á vista de todo o anterior e considerando o tipo de aproveitamento que na realidade se realiza, propónse que se clasifique como monte veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: De San Xurxo de Eixon

Pertenza: Comunidade integrada polos veciños da parroquia de San Xurxo de Eixon

Parroquia: San Xurxo de Eixon


Termo municipal: Pobra do Brollon


Superficie: 5, 6642, ha.

Lugo, febreiro de 2009

O xefe de área

Asinado: Fernando Rengifo Méndez - Núñez





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL

SERVIZO DE MONTES
Ronda da Muralla, 70, Batxo 2º
27071 - LUGO
Tlf. 982 294531

Escala: 1:10 000

Perímetro que se propón
clasificar:



Parcela 12-595
Superficie: 5,7 ha

Proposta de Clasificación de M.V.M.C.
Pertenza: Veciños de Elixón
Concello: A Pobra de Biplón

Lugo, 1 de febreiro de 2010
O enxeñeiro de montes

Fernando Rengifo Méndez-Núñez